FESTIVAL
INTERNACIONAL
DE CINE INFANTIL

15-16-17 DECEMBRO 2017
NO CONCELLO
DE AMES



CINEMA CRIANZA

nas casas da cultura de { Bertamiráns / Milladoiro

www.cinemacrianza.com



Nenas e nenos, bechiños de tódalas clases, o tren de Cinema Crianza comeza a súa viaxe.
Tanto ten se es pequerrechiño ou unha veterana, se tes os dentes longos, ou es máis unha criaturiña alada, sexas xigante ou frangulla...
O tren ten asentos reservados para elefantes de cacharrería, gatos laúdos, cadeliños con dous rabos, arañas peludas, monstros de sete cabezas, soldadiños de chumbo, bruxas boas, malas e indecisas, paxariños cantores, inventoras tolas, todo tipo de seres estraños e para ti, se tes a ben acompañarnos.

Nesta viaxe pasaremos por terras de lume e de xeo, cruzaremos os mares e tamén o ceo, pois o noso tren é quen de atravesar calquera terreo.

Así pois, busca acomodo e consulta este programa onde poderás descubrir a estación máis axeitada para un bechiño coma ti.
A locomotora xa está preparada.
Só resta asubiar...

Piiiiiiiiiiiiiiiii

Chucu-chucu-chucu-chucu-chucu...

O Festival

Cinema Crianza é un festival internacional de cine infantil que nace co afán de propiciar que os nenos e nenas galegos descubran o gusto polo cinema así como co de axudar a formar un público futuro con sensibilidade artística, interese cultural e espírito crítico ante o consumo audiovisual.

Cremos que o cine é unha ferramenta fundamental para coñecer a realidade da sociedade na que vivimos, polo que este festival quere ser tamén unha porta aberta á interculturalidade así como potenciar a reflexión sobre valores, ideas, pensamentos de alto valor social e cultural a través dos cales crear, por unha banda, primeiras experiencias audiovisuais e por outra reforzar o espírito crítico e creativo da mocidade.

O Festival busca, ademais, ser un escaparate de promoción para cineastas e produtoras do país e, sobre todo, motivar a creación de cine galego para a infancia, pois cremos que toda aparición de festivais axuda a promover a actividade da que se fan eco.

Con estes obxectivos e moita ilusión nace esta primeira edición de Cinema Crianza, un novo festival audiovisual que busca converterse nunha cita cultural de referencia para as familias galegas.

Xa están vostedes no Cinema Crianza. Pasen, vexan e desfruten.

A viaxe da infancia

A viaxe é unha metáfora idónea para entender a infancia como unha etapa de tránsito, desde o que somos cando nacemos ó que nos chegaremos a converter. A aprendizaxe, as vivencias, os xogos, as experiencias, os sentimentos, etc. forman parte dese tránsito e desa viaxe que emprendemos nada máis nacer.

Existen moitos tipos de viaxes, aquelas que nos transportan a lugares afastados, as que nos fan vivir divertidas ou perigosas aventuras, as que nos achegan ós seres queridos ou as que nos descobren novos amigos, tamén as viaxes emocionais que nos levan dun estado a outro, da tristeza á ledicia, do medo á risa, igual que o tránsito á madurez.

Cada nena e cada neno, con independencia da súa idade, están inmersos nunha viaxe. Viaxe á que nos queremos sumar desde Cinema Crianza cunha programación que ten como principal argumento as viaxes, tanto as físicas como as emocionais. Viaxes que en tódolos casos, por moi dispares que parezan, sempre gardan un elemento en común: que son capaces de cambiarnos.

Desde Cinema Crianza queremos formar parte desa experiencia achegando a cativas e cativos personaxes que viven as súas mesmas situacións, que son nenas e nenos que emprenderon a súa propia viaxe e que a través da imaxinación, o amor ou o enxeño foron quen de superar tódolos obstáculos que foron atopando polo camiño.

As acomodadoras

O Cinema Crianza transformará os auditorios das casas da cultura do Milladoiro e Bertamiráns en fermosos cines cuxas butacas serán ocupadas por nenas e nenos ansiosos por ver os filmes seleccionados para esta primeira edición do noso festival.

Recibindo a este selecto público estarán **Atenea Gharsía** e **Simón Pinhón**, dous vellos acomodadores que levan moitos moitísimos anos agardando o momento de volver a ver os seus cines cheos de xente desfrutando da sétima arte. Ambos habitarán estes dous espazos durante as tres xornadas para asegurarse de que todo o mundo toma o seu correspondente asento, ao tempo que nos contarán algunha peculiaridade sobre as proxeccións que imos ver e, sobre todo, asegurándose de que se estea a gozar do Cinema Crianza.



As revisoras

Aquí temos ás persoas encargadas de revisar ben os filmes das sesións a concurso para outorgar os premios "Axóuxeres" e "Buxainas" ás que consideren as mellores curtas do festival.

A polifacética produtora Amalia Mato: responsable do desenvolvemento de series que forman parte das lembranzas de tódolos galegos/as como Mareas Vivas, Terra de Miranda ou As Leis de Celavella, (TVG). Moi ligada a Voz Audiovisual, é tamén profesora e asesora e dirixe a súa propia axencia de representación de artistas.

A guionista Araceli Gonda: escribiu en moitas das series máis coñecidas de Galicia, como Padre Casares, Cuarto sen ascensor, A vida por diante, Terra de Miranda, Pazo de familia ou Serramoura e síntese particularmente orgullosa da súa participación en 18 comidas, que lle valeu unha nominación aos Mestre Mateo. Está convencida de que o sentido do humor é a única razón que evita que o ser humano se extinga.

O guionista e realizador Nico Campos: coñecido polo seu traballo na TVG que inclúe programas infantís tan destacados como o Xabarín Club, pero tamén documentais, anuncios publicitarios, videoclips e radio. Defínese como unha persoa "sempre en loita contra o tedio" e iso nótase na variedade de proxectos nos que se ten enrolado e no seu pertinaz sentido do humor. Nico é, ademais, presidente da Asociación Galega de Guionistas dende o 2015.

PROGRAMA

SÁBADO 16

O MILLADOIRO

11.00	12.00	16.30	18.00	20.00	21.30
PEQUENAS CRIATURIÑAS +0	MÚSICA PARA PARRULOS I +0	NARRACIÓNS EXTRAORDINARIAS I +3	A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS I +7	LOTTE REINIGER II: MÚSICA E MAXIA +3	AL NIVEL DE LOS OJOS (AUF AUGENHÖHE) _VOSE_ +9

BERTAMIRÁNS

11.00	13.00	16.30	17.30	19.30	21.00	22.00
AUDIOVISUAL E ENSINO: CINEMA EN CURSO E COLECTIVO RECREO +7	A GRAN ILUSIÓN +7	CURTAS OQO FILMES +0	A CASA DA LUZ +7	MINÚSCULOS: O VAL DAS FORMIGAS PERDIDAS +3	DOUS MUNDOS (DWA SWIATY) _VOSG_ +9	METAMORFOSES +12

DOMINGO 17

O MILLADOIRO

11.00	12.00	16.30	17.45	19.15	21.00
CURTAS OQO FILMES +0	ESCOLMA CINEMA EN CURSO +7	BROTES VERDES +7	MINÚSCULOS: O VAL DAS FORMIGAS PERDIDAS +3	SOLO ES EL PRINCIPIO (CE N'EST QU'UN DÉBUT) _VOSE_ +9	SESIÓN DE CLAUSURA: CURTAS PREMIADAS

BERTAMIRÁNS

11.30	12.15	16.30	18.00	19.30	21.00
QUERIDO PLANETA +0	MÚSICA PARA PARRULOS II HAGÍN BLANCO +0	NARRACIÓNS EXTRAORDINARIAS II +3	LOTTE REINIGER I: CONTOS CLÁSICOS +3	A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS II +7	SESIÓN DE CLAUSURA: CURTAS PREMIADAS

Sesións de curtametraxes a concurso. Categoría "Axóuxeres" (0 a 3 anos)

Sesións de curtametraxes a concurso. Categoría "Buxainas" (maiores de 3 anos)

VENRES 15

O MILLADOIRO

18.00	20.00	21.45
LOTTE REINIGER I: CONTOS CLÁSICOS +3	A CASA DA LUZ +7	DOUS MUNDOS (DWA SWIATY) _VOSG_ +9

BERTAMIRÁNS

18.00	20.00	21.30
LOTTE REINIGER II: MÚSICA E MAXIA +3	AL NIVEL DE LOS OJOS (AUF AUGENHÖHE) _VOSE_ +9	SOLO ES EL PRINCIPIO (CE N'EST QU'UN DÉBUT) _VOSE_ +9



Prezo da entrada: 2€ adultos / 1€ infantil
Venda de entradas en: https://abilleteira.concellodeames.gal/gl/
É preciso retirar entrada tamén para as sesións de balde.

ÍNDICE

+3 ANOS
"Narracións Extraordinarias"
Páx. 24
+0 ANOS
"Pequenas criaturiñas"
"Querido Planeta"
"Música para Parrulos"
Curtas Oqo filmes
Páx. 14
O UNIVERSO DE LOTTE REINIGER
Sesión inaugural
Páx. 12
+12 ANOS
"Metamorfoses"
Páx. 40
GRANDES RELATOS
Páx. 42
+7 ANOS
"Brotes verdes"
"A grande ilusión"
"A miña familia e outros animais"
Audiovisual e ensino
Cinema en curso
Páx. 30

O UNIVERSO DE LOTTE REINIGER



A nosa primeira parada é apta tanto para os máis pequerrechiños como as máis maiores. Nela poderemos atopar fermosos mundos de fantasía en branco e negro creados pola pioneira do cinema de animación Lotte Reiniger. Curtas cheas de preciosos decorados e siluetas coas que a autora alemá iniciou a súa carreira aló polo 1919. Directora de máis de 50 obras, Reiniger non pararía de crear ata o día do seu pasamento. A súa última obra como directora data de 1980, ou o que é o mesmo, dirixiu filmes durante 60 anos. Quen se decante por parar nesta estación poderá ver unha escolma das curtametraxes de Lotte Reiniger: contos clásicos e obras musicais de referencia que serven como fonte de inspiración ata os nosos días.

LOTTE REINIGER I: CONTOS CLÁSICOS

Venres 15 | 18.00h | Casa da cultura do Milladoiro
Domingo 17 | 18.00h | Casa da cultura de Bertamiráns

Cincenta - Aschenputtel (1922)
Pulgariña – Däumelinche (1954)
A bela durminte – Dornröschen (1954)
Hansel e Gretel – Hänsel und Gretel (1954)
Brancaneves e Rosavermella – Schneeweibchen und rosenrot(1954)
O marqués de Carabas – Der Graf von Carabas (Musikversion) (1935)
O ganso de ouro – Die Goldene Gans (Musikversion) (1944-1947)
Jack e os feixóns máxicos – Jack and the Beanstalk (Musikversion) (1955)

LOTTE REINIGER II: MAXIA E MÚSICA

Venres 15 | 18.00h | Casa da cultura de Bertamiráns
Sábado 16 | 20.00h | Casa da cultura do Milladoiro

Dez minutos de Mozart - Zehn Minuten Mozart (1930)
O corazón roubado - The Stolen Heart (1934)
Papageno – (1935)
A bela Helena - Helen La Belle (1957)
A estrela de Belén - Der Stern von Bethlehem (1956)

Pequenas Criaturiñas

+0

A nosa seguinte estación é unha homenaxe ás criaturas máis rebuldeiras. Música, cores e bechiños varios son os protagonistas de "Pequenas Criaturiñas". Podedes gozar desta estancia desde 0 anos, mais seguro que tamén vai ser celebrada polos máis grandes. Temos mouchos, raposos, serpes, crocodilos, monos, cangrexos, polbos e ate ourizos. Temos música que nos chega desde o corazón da Amazonía e sons de oriente que nos convidan a deitarnos entre as nubes.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Axóuxeres que concederán as nosas "revisoras" ó mellor filme para público menor de 3 anos.

Hulu Berlu
Nacionalidade: Francia
Ano: 2016
Dirección: Nicolas Bianco
Produción: Centre Tinqueux
Duración: 0:50

Na profundidade do bosque soa o espertador. O moucho chega tarde...

O fim da fila
Nacionalidade: Brasil
Ano: 2016
Dirección: William Côgo
Duración: 2:47

Unha curta cun estilo gráfico que evoca a arte indíxena brasileira sobre un grupo de animais que pasan día tras día facendo cola. Despois de todo, que hai ao final da liña?

O trineo
Título orixinal: Belchonok i sanki
Nacionalidade: Francia
Ano: 2016
Dirección: Olesya Shchukina
Duración: 4:19

Un pequeno esquío atopa algo que nunca antes vira, que será?

Tierra sin mal
Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2017
Dirección: Katalin Egely
Produción: Katalin Egely
Duración: 3:50

Esta curtametraxe ofrece un punto de vista distinto sobre o paraíso, baseado na mitoloxía guaraní: e se o verdadeiro paraíso está dentro de nós e xace na harmonía e a unidade de tódolos seres vivos?



Pops
Nacionalidade: Xapón
Ano: 2016
Dirección: Shiro Ichige
Duración: 3:18

Fagamos coma o gato protagonista desta historia e bailemos ao son da música palpitante, nova, estraña, chea de cores... É a entrada a un novo mundo.

Zoorini
Nacionalidade: Grecia
Ano: 2016
Dirección: Steve Vasiliou
Duración: 1:00

Zoo (animal en grego) + Irini (paz) = " Zoorini" é unha divertida película dun minuto que mostra a vida diaria dos animais máis aló da nosa concepción antropocéntrica do mundo.

Historia de cangrexo

Título orixinal: Crab Story
Nacionalidade: Australia
Ano: 2017
Dirección: Tatiana Poliektova e Filippo Rivetti
Duración: 4:45

Un grupo de cangrexos atopa unha piña no medio da praia e daranlle unha curiosa interpretación

O neno e o ourizo

Título orixinal: El Nen i l'eriço
Nacionalidade: Cataluña
Ano: 2017
Dirección: Marc Riba, Anna Solanas
Guión: Marc Riba, Anna Solanas
Duración: 3:00

No alto dun outeiro, un neno atoparase cun peculiar ourizo.

Hora de durmir

Título orixinal: It's time to sleep
Nacionalidade: Irán
Ano: 2015
Dirección: Mahnaz Yazdani
Guión: Mahnaz Yazdani
Produción: SABA Animation center (IRIB)
Duración: 6:09

Xa pasou a hora de durmir, pero esta boneca non ten sono, ten ganas de saír de aventuras.

QUERIDO PLANETA

+0

O noso tren dá un chimpo para proxectarse ás alturas e desde a inmensidade do universo contemplar o noso Querido Planeta. Unha estación espacial na que podedes parar dende os 0 anos. Aquí poderemos ver gatos espaciais, robots que gustan da reciclaxe ou historias que advirten sobre os perigos de contaminar. Despois volveremos á Terra a deleitarnos con costumes ancestrais, tortas repletas de simpáticos animaliños, consellos para mellorar o tráfico ou recomendacións para eses xoguetes dos que xa nos aburrimos.

Tódolos filmes desta sección son candidatos ó Premio Axóuxeres que concederán as nosas "revisoras" ó mellor filme para público menor de 3 anos.

Big Booom

Nacionalidade: Rusia
Ano: 2016
Dirección: Marat Narimanov
Guión: Marat Narimanov
Produción: Marat Narimanov
Duración: 4:12

A historia da humanidade e do noso planeta en catro minutos. Un poema ecolóxico desenvolvido nunha soa toma que ten de todo: humor, acción e traxedia.

O atasco

Título orixinal: Boxi: Dugó
Nacionalidade: Hungría
Ano: 2016
Dirección: Béla Klingl
Guión: Béla Klingl
Produción: Béla Klingl
Duración: 4:03

As estrañas historias de Boxi e Cartommy cobran vida no mundo imaxinario dun neno, construído a partir de desperdicios domésticos. O punto de partida da aventura é un atasco que deberán sortear para poder chegar ao parque e xogar con seus avións de papel.



Alá fóra

Título orixinal: Outside
Nacionalidade: Malasia
Ano: 2017
Dirección: Ng Chee Chong
Guión: Ng Chee Chong
Produción: Ng Chee Chong
Duración: 1:39

Momento de baixar o ritmo e botar unha ollada ao noso arredor para apreciar a beleza do entorno e é que, quédannos tantas cousas bonitas por descubrir!

O novo xoguete

Título orixinal: New Toy
Nacionalidade: Brasil
Ano: 2017
Dirección: Rogerio Boechat
Guión: Rodrigo Amim e Mauricio Stal
Produción: Marcio Shimabukuro e Daniela Moreirai
Duración: 6:30

O que comeza como un fantástico regalo, acaba converténdose nun obxecto aburrido para o bebé protagonista desta curtametraxe. Un osiño de peluche pasará de ser o seu mellor amigo a unha carga...ata que o destino o sorprenda.

Catmos

Título orixinal: Kotmoc
Nacionalidade: Rusia
Ano: 2016
Dirección:Katya Miloslavskaya
Guión: Katya Miloslavskaya
Produción: Alexander Gerasimov
Duración: 4:44

Un portal de entrada a outra dimensión será o punto de partida para esta historia protagonizada por un gato que irá atopándose con misteriosas criaturas do espazo exterior.

O ciclo da vida

Título orixinal: Circle of life
Nacionalidade: Reino Unido
Ano: 2017
Dirección: Anna Humphries
Guión: Anna Humphries
Produción: Jonathan Lawrence
Duración: 1:09

A primavera británica cobra vida neste xardín xiratorio. O ciclo da vida mostra o baile do nacemento e a morte.

Feliz Nowruz
Título orixinal: Happy Nowruz
Nacionalidade: Irán
Ano: 2016
Dirección: Amir Mehran
Guión: Amir Mehran
Produción: Amir Mehran
Duración: 1:05

Unha inmersión, dende o humor, na celebración do Nowruz, o aninovo iraní.



Sunny & Gerd in Spring Cleaning
Nacionalidade: Canadá
Ano: 2017
Dirección: DaCosta Bayley
Guión: DaCosta Bayley
Produción: Jennifer Dahlman
Duración: 5:35

Durante a hora do descanso a situación pasará de cero a QUEE!? nun segundo. Sunny meterase nun apuro e Gerd deberá axudalo usando o enxeño e un toque de picaresca.



Música para parrulos I
Sábado 16 | 12.00h | Casa da cultura do Milladoiro

Paco Nogueiras - "Vou para a cama" [Apego]
Migallas – "Miña abuela manuela" [Kalandraka]
Migallas – "Pan de millo" [Kalandraka]
Golfiños – "O peixe salmonete" [Sueños del gatipedro]
Uxía e Magín – "A vaca" [Galaxia]
Ghazafelhos – "Iriña bailarina" [Embora]
María Fumaça – "Ven conmigo" [Galaxia]

Música para parrulos II: Magín Blanco
Domingo 17 | 12.15h | Casa da cultura de Bertamiráns

"Rocanrol dragón" [Sueños del gatipedro]
"A cidade" [Galaxia]
"Eu falo así" [Mara producións]
"Soñar" [Sueños del gatipedro]
"Todos somos capitáns" [Fol música]
"Doce" [Fol música]
"Voa paxariño" [A mesa]
"Marcho que teño que marchar" [Fol música]

Música para parrulos +0

Que son eses acordes que soan ó lonxe? Dragóns que cantan o tutti fruti? Cidades cun museo que hai que velo e unha rúa principal? Todo é posible na estación musical. Teñas a idade que teñas este é o lugar onde botar un retrouso. Pódese cantar e bailar ó ritmo de Uxía, Ghazafellos, Migallas, Paco Nogueiras, Golfiños, María Fumaça e un convidado especial que atravesou as vastas terras do interior na súa nave espacial: Magín Blanco, que nos acompañará coa súa guitarra na súa sesión.

CURTAS OQO FILMES

+0

E que vos parece se facemos un alto para visitar a uns amigos? A Editorial OQO, ademais de publicar fermosos contos, produciu unha serie de curtametraxes que se poden desfrutar desde 0 anos. Nesta fantástica sesión veremos a historia dunha Grande Viaxe, quen sabe se tan grande, tan grande coma a nosa. Tamén descubriremos que é o que máis dor causa neste mundo, coñeceremos a unha nena un pouquiño fedella e a unha tartaruga que quere durmir todo, todo, todo o inverno.



CURTAS OQO FILMES
Sábado 16 | 16.30h | Casa da cultura de Bertamiráns
Domingo 17 | 11.00h | Casa da cultura do Milladoiro

A COUSA QUE MÁIS DOE DO MUNDO

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2010
Dirección: Luis Telles
Guión: Luis Telles
Produción: Oqo filmes
Duración: 9:50

Unha lebre e unha hiena conversan, nunha xeira de pesca, sobre asuntos cotiáns. «A mentira é a cousa que máis doe do mundo», di a lebre; e a hiena bota a rir. Para demostrarllo, a lebre elaborará, na porta de palacio, un «pastel» moi especial que vai provocar a cólera do rei.

A GRANDE VIAXE

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2010
Dirección: Luis Telles
Guión: Luis Telles
Produción: Oqo filmes
Duración: 14:00

Un neno imaxina unha grande viaxe chea de prodixios. Sucará o mundo, atravesará países en guerra, rescatará animais en situación de perigo... para, finalmente, regresar convertido nun heroe.

A TARTARUGA QUE QUERÍA DURMIR

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2010
Dirección: Pascual Pérez
Guión: Pascual Pérez
Produción: Oqo filmes
Duración: 11:50

A tartaruga ten sono e vai durmir o inverno todo. Cando xa está na cama, despois do ritual (cepillar os dentes, poñer o camisón, acomodar as sabas...), os seus amigos chegan con agasallos para acompañala antes do longo período que lle agarda.
A amizade é importante, pero a tartaruga só quere que a deixen tranquila para poder durmir...

TRES OSOS

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2010
Dirección: Zé Carlos Pinto
Guión: Zé Carlos Pinto
Produción: Oqo filmes
Duración: 10:52

Nunha cabana do bosque vivían tres osos. Un día os osos saíron dar un paseo antes de almorzaren; entón Riciños de Ouro atopou a casa baleira e entrou...

NARRACIÓNS EXTRAORDINARIAS +3

Atención pasaxeiras e pasaxeiros porque entramos no terreo da fantasía. Recomendamos ter cumpridos os 3 anos para baixar nesta estación. Aquí coñeceredes a seres máxicos, algúns ata monstruosos, chegados de alén dos sete mares e dos recunchos máis inhóspitos. É este un espazo para os soños, o misterio e a aventura. Unha estación na que se fala en múltiples linguas, pero non hai que preocuparse, pois haberá narradoras que nos guiarán na tarefa de esclarecer o descoñecido.

Tódolos filmes desta sección son candidatos ó Premio Buxainas que concederán as nosas "revisoras" ó mellor filme para público maior de 3 anos.

UNA IDEA

Nacionalidade: México
Ano: 2017
Dirección: Juan Paulín
Guión: Juan Paulín
Produción: Juan Paulín
Duración: 6:33

Todo pode acontecer cando se está na procura de novas ideas.

A MIÑA CASIÑA

Título orixinal: A minha casinha
Nacionalidade: Portugal
Ano: 2014
Dirección: Maria Raquel Atalaia
Produción: Antonio Valente
Duración: 7:30

Esta é a historia dunha nena distraída e soñadora, unha nena que vive na lúa. Un día, a nena decidirá deixar de estar na lúa e emprender a busca dun novo fogar: unha pequena casiña.

O CORCOVADO E O CISNE

Título orixinal: The Hunchback and the Swan
Nacionalidade: Reino Unido
Ano: 2017
Dirección: Dotty Kultys
Guión: Taffy Thomas
Produción: Laura-Beth Cowley, Dotty Kultys e Peter Lord
Duración: 9:35

O chepudo desaparece. Está na cama deitado a punto de morrer. Os seus amigos: a marta, o coello, o teixugo o raposo e os paxariños acudirán a prestarlle axuda, pero van precisar tamén de algo de maxia!

EL NIÑO Y LA NOCHE

Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2017
Dirección: Claudia Ruiz
Guión: Malena Martínez
Produción: Ignacio Lillini
Duración: 14:00

Luís vai visitar á súa avoa. Pola noite, un raio de luar espértao e condúceo ata unha mesa onde hai unha marioneta que quere ser reparada. A súa avoa, unha zapatilla e un charco de auga serán cómplices desta aventura.

ANGÉLICA

Nacionalidade: Australia
Ano: 2017
Dirección: Jenae Hall
Guión: Jenae Hall
Produción: Jenae Hall
Duración: 3:42

Mentres le un conto antes de deitarse, unha nena e o seu gato son repentinamente transportados a un escuro mundo de fantasía.

CONTO DE MANTIÑA

Título orixinal: Сказка про одеяло
Nacionalidade: Rusia
Ano: 2017
Dirección: Maria Kuzmenko
Guión: Maria Kuzmenko
Produción: Maria Kuzmenko
Duración: 3:29

Nunha pequena cidade atacada por un xigante, as avoas serán as únicas quen de atopar unha solución, afastada da violencia, que leve os habitantes de novo á normalidade.

HEZAR AFSAN

Nacionalidade: Irán
Ano: 2017
Dirección: Asghar Safar e Jalai Yekta Abbas
Guión: Afsane Bakhshi
Produción: Asghar Safar
Duración: 7:33

O temido ogro branco ataca a cidade e secuestra o rei. O protagonista da curta está listo para atopalo e levalo de volta a casa.



POR QUE SE TEN QUE POÑER O SOL?

Título orixinal: Why must the go down
Nacionalidade: Canadá
Ano: 2017
Dirección: Iris Moore
Guión: Iris Moore
Produción: Iris Moore e Storyhive
Duración: 5:27

Cando un pequeno reiseñor pregúntase por que o sol cae pola noite, embárcase nunha viaxe onde se atopa con criaturas que poden crear flores do ceo, tecer vento nas nubes e converter a choiva en cancións.



TWIN ON

Nacionalidade: EEUU
Ano: 2017
Dirección: Mari Chung
Guión: Mari Chung
Produción: Ringling College of Art and Design
Duración: 2:22

Martha e Lucy son dúas irmás xemelas moi especiais. Martha é unha xenia das matemáticas, mentres Lucy ten unha visión artística da realidade. Conseguirán pórse dacordo en algo? Esta curta ensina que non hai ideas equivocadas, senón diferentes xeitos de afrontar un mesmo problema.



EL MAQUINADOR

Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2015
Dirección: Pablo Latorre
Guión: Pablo Latorre
Produción: Cindi Beltramone
Duración: 10:00

Esta é unha historia de amor entre John, un inventor de pequenos robots de estaño, e Anna, unha vendedora de grúas de papel, nun tranquilo parque.

CHARLOT

Nacionalidade: Italia
Ano: 2014
Dirección: Claudia Brugnaletti
Guión: Francesco Cipriano
Produción: Alberto Scuderi, Francesco Scura, Chiara Bellini e Isabella Cirillo
Duración: 7:33

O mellor amigo do pequeno Andrea é Charlot, un balón. Un día Andrea perde a Charlot e este vivirá unha chea de peripecias ata acabar no laboratorio dun científico tolo, pero en mente terá sempre a Andrea.

UNA AVENTURA DE MIEDO

Nacionalidade: España
Ano: 2016
Dirección: Cristina Vilches Estella
Guión: Cristina Vilches Estella
Produción: Cristina Vilches Estella
Duración: 10:00

Se unha noite os teus maiores medos deciden facerche unha visita, non te escondas! Algo extraordinario podería suceder...

ESPERTADOR

Título orixinal: Prebúdzač
Nacionalidade: República Checa
Ano: 2017
Dirección: Filip Diviak
Guión: Filip Diviak
Produción: Filip Diviak
Duración: 9:31

O vello protagonista desta historia ten unha monótona vida traballando como despertador para os habitantes do pequeno pobo nórdico no que vive. Un día recibirá unha campá dourada que cambiará a súa vida.



EXPLOSIÓN

Título orixinal: Baozha!
Nacionalidade: Singapur
Ano: 2017
Dirección: Jasper Liu
Guión: Jasper Liu
Produción: Jasper Liu
Duración: 6:45

Un xove anxo da garda debe superar as súas distraccións para protexer á súa mortal, unha aventureira avoa, dunha morte prematura

Pequena criaturiña

Título orixinal: Little Thing
Nacionalidade: Israel
Ano: 2017
Dirección: Or Kan-Tor
Guión: Or Kan tor
Produción: Or Kan tor
Duración: 5:00

Unha pequena criaturiña busca algo de compaixón nunha cidade baleira.

Na procura do cristal

Título orixinal: Quest for the crystal
Nacionalidade: EEUU
Ano: 2017
Dirección: Natasha Sharpe
Guión: Natasha Sharpe
Produción: Natasha Sharpe
Duración: 4:10

Orixinal curtametraxe realizada en diversas técnicas: animación dixital, debuxo, arxila, monicreques de cartón...Conta a historia dunha banda de músicos que deberán atopar o responsable de roubarlles un cristal e cambialo por unha noz.

Resplandor

Título orixinal: Radiance
Nacionalidade: Taiwan
Ano: 2017
Dirección: ChiaLing Yang
Guión: ChiaLing Yang
Produción: ChiaLing Yang
Duración: 3:00

Mentres le un conto antes de deitarse, unha nena e o seu gato son repentinamente transportados a un escuro mundo de fantasía.

Tentación

Título orixinal: Temptation
Nacionalidade: Francia
Ano: 2017
Dirección: Camille Canonne, Laura Bouillet, Michael Hoft, Catherine Le Quang, Pauline Raffin and Martin Villert
Guión: Camille Canonne
Produción: Philippe Meis
Duración: 4:57

Un oso larpeiro trata de roubar unha cesta da merenda dun campamento de exploradores. Desafortunadamente para el, este campamento está gobernado por unha ex militar obsesionada con etiquetar cousas.

A caza da alpaca

Título orixinal: The hunt of the Alpaca
Nacionalidade: EEUU
Ano: 2017
Dirección: Georgina Cahill
Guión: Georgina Cahill
Produción: Georgina Cahill
Duración: 1:54

Unha pequena e famenta alpaca meterase en problemas cando sae de caza.

Afinando

Título orixinal: Tuning
Nacionalidade: España
Ano: 2017
Dirección: Giovanni Aguilar, Ferran Viura, Gáspare Lo Vacco, Juan Vásquez
Produción: Bau - Design college of Barcelona
Duración: 2:00

Dous irmáns comezan unha guerra de sons tratando de ser máis ruidosos que o outro. Mentres un toca a guitarra na súa habitación, o outro bate en cazolas polo corredor da casa. Despois dun tempo, os sons sincronízanse nunha harmonía perfecta e aprenderán algo que nunca esquecerán.



Illas xemelgas

Título orixinal: Twin Islands
Nacionalidade: Francia
Ano: 2017
Dirección: Manon Sailly - Charlotte Sarfati - Christine Jaudoin - Lara Cochetel - Raphaël Hout - Fanny Teisson
Guión: ChiaLing Yang
Duración: 7:18

Dúas illas xemelgas gobernadas por dous reis onde os habitantes seguen o culto á simetría. Por tanto, todo vai de dous en dous. Pero un día, a raíña dunha delas dá a luz a un fillo único.

Dúas moi peculiares

Título orixinal: Two too odd
Nacionalidade: Austria
Ano: 2012
Dirección: Dave Lojek
Guión: Dave Lojek e Martha Laschkolnig
Produción: Dave Lojek e Martha Laschkolnig
Duración: 4:35

Unha maleta con pernas explora os suburbios de Viena e queda abraiada ante unhas burbullas de xabón xigantes. Xunto ca moza que fai as burbullas, creará un espectáculo para representar nas rúas.

BROTES VERDES

+7

Benvidas á nosa estación verde na que o medio ambiente é o protagonista. Poderemos mergullarnos en frondosos bosques e paisaxes sublimes, coñecer o valor dun ben tan preciso para a vida como é a auga, ver os perigos da contaminación e como actuar para manter limpas as rúas das nosas vilas e cidades. Recomendamos os nosos brotes verdes especialmente aos maiores de 7 anos mais, aínda que nalgúns casos os filmes están subtitulados, poden entenderse sen necesidade de ler, polo que animamos aos máis cativos a que se suban tamén nesta estación.
Os filmes desta sesión son candidatos ao Premio Buxainas.

EL AGUA ES LIBRE

Nacionalidade: Francia/Colombia
Ano: 2016
Dirección: Pierre-Antoine Carpentier
Duración: 19:00

Cando todos os habitantes dun barrio vense obrigados a ir ao baño todo o tempo, os nenos póñense a investigar o porqué desa situación. Tentan pescudar se nos outros barrios tamén sofren diso; os nenos van descubrir que a diferenza está na auga.

O MEU BOSQUE

Título orixinal: Ma forêt
Nacionalidade: Bélxica
Ano: 2012
Dirección: Pins Sébastien
Guión: Pins Sébastien
Produción: Pins Sébastien
Duración: 6:57

Unha viaxe polo bosque a través dos ollos dun neno na que descubriremos a súa maxia e misterios por medio dos encontros que se suceden.

O VERDADEIRO CUSTO DO CARBÓN

Título orixinal:Cijena ugljena
Nacionalidade: Croacia
Ano: 2016
Dirección:Vibor Juhas
Guión: Vibor Juhas e Association Green Istria
Produción: Association Green Istria
Duración: 6:45

Unha mina de carbón de Colombia devora o medio ambiente e os recursos naturais necesarios para a vida de moitas comunidades da rexión. No outro lado do mundo, na costa este de a península de Istria, a cheminea da planta en Plomin emite gases de efecto invernadoiro.

BANDADA DE ESTRELAS

Título orixinal: Outside
Nacionalidade: Irán
Ano: 2011
Dirección: Jasim Mohammed
Guión: Jasim Mohammed
Produción: Samer Osama
Duración: 4:55

Un humano comete cada día un crime contra a súa contorna. Sexa de xeito consciente ou sen intención, a súa frenética procura dunha vida chea de luxo e a obsesión por posuír cousas, dana o planeta.

BOSQUE

Título orixinal: Koru
Nacionalidade: Turquía
Ano: 2017
Dirección: Enes Aluç
Guión: Enes Aluç
Produción: Enes Aluç
Duración: 4:29

É un día soleado. O protagonista almorza nunha mesa nunha fermosa rúa. Hai casas de cores, xente rindo nos cafés, barberías, froiterías e tendas bonitas...Todo parecw perfecto, pero un pequeno suceso romperá toda esta ledicia.

ESPERTAR A BUDDHI

Título orixinal: To wake - Buddhi
Nacionalidade: Sudáfrica
Ano: 2017
Dirección: Yakima Camille Waner
Guión: Yakima Camille Waner e Sophie Patch
Produción: Yakima Camille Waner e Stephan Marchal
Duración: 15:00

Este filme sucede na ladeira dos Himalayas, unha das zonas do mundo máis ameazas pola deforestación e o cambio climático. Alí vive Janisha, unha nena moi lista de 5 anos que quere mellorar a a súa comunidade, empoderar as persoas e coidar do medio ambiente.

SÓ QUERO UNHA CASA

Título orixinal: 都市遊牧人
Nacionalidade: Taiwán
Ano: 2017
Dirección: Tiffany Chen
Guión: Tiffany Chen
Produción: Tiffany Chen
Duración: 4:50

Nas aforas dunha metrópole, viven os traballadores en chabolas do tamaño dunha maleta. Esta é a historia dunha muller nova, que unha vez tivo unha vida marabillosa na súa casa.

A GRANDE ILUSIÓN +7

O cinema é esa ferramenta coa que se constrúen os soños. E ó cinema adicamos esta estación. Filmes sobre nenas e nenos que fan filmes, filmes cos que expresarse e filmes cos que facer soñar a outros nenos e nenas. Cineastas e espectadores, cinema dentro do cinema, esta é a vosa estación.
Estación recomendada para maiores de 7 anos.

Tódolos filmes desta sección son candidatos ó Premio Buxainas que concederán as nosas "revisoras" ó mellor filme para público maior de 3 anos.



Outubro acabou

Nacionalidade: Brasil
Ano: 2015
Dirección: Karen Akerman e Miguel Seabra Lopes
Guión: Karen Akerman e Miguel Seabra Lopes
Produción: Karen Akerman e Miguel Seabra Lopes
Duración: 23:30

O filme presenta unha analoxía entre o cinema e a vida. A historia parte dun regalo: unha cámara Super 8 coa que o neno protagonista comezará a explorar o mundo, a relación co entorno (en especial cos seus pais) e as súas propias preocupacións.

O ceo dos nenos

Título orixinal: Heaven of children
Nacionalidade: Indonesia
Ano: 2016
Dirección: Amir Masoud Soheili
Guión: Amir Masoud Soheili
Produción: Simiya Film
Duración: 5:00

Un neno e unha nena coanse nunha sala de cine abandonada e atopan un vello rolo de película. Deciden proxectar o filme, pero son botados por un garda de seguridade antes de acabar de vela, polo que deberán imaxinar o seu final.



O regalo de Alice

Título orixinal: Il regalo di Alice
Nacionalidade: Italia
Ano: 2017
Dirección: Gabriele Marino
Guión: Gabriele Marino
Produción: Gabriele Marino, Giampietro Preziosa, Nicola Abbatangelo
Duración: 15:00

Alice é unha nena de 10 anos que ama o cinema e úsao para afastarse da dolorosa realidade que a arrodea.

Namorado do cine

Título orixinal: In Love with Cinema
Nacionalidade: Kirguistán
Ano: 2017
Dirección: Ascar Nurakun uulu
Guión: Ascar Nurakun uulu
Produción: Cholpon Idrisova
Duración: 10:05

Un pequeno amante do cinema pasa as tardes escoitando as películas dende o vestíbulo do cine, pero o muro que o separa da sala non é a única barreira que terá que superar. O cine fará que os seus soños se fagan realidade.

A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS

+7

Aos 7 anos o mundo é moi complexo, en especial porque non sempre entendemos a eses estraños seres que son os maiores, nin eles parecen entendernos a nós. Esta estación está adicada aos conflitos e historias de nenas, nenos e o seu entorno máis próximo de 7 anos en diante. Temos a nenos que xogan con dinosauros, nenas que non queren facerse maiores, descubridores que atopan buracos negros e ata retiros espirituais para mamás e papás que xa esqueceron o que é ser pequeno.

Tódolos filmes desta sección son candidatos ó Premio Buxainas que concederán as nosas "revisoras" ó mellor filme para público maior de 3 anos.

MATÍAS

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2016
Dirección: Sandra Sánchez
Guión: Sandra Sánchez
Produción: Sandra Sánchez
Duración: 10:00

Matías ten oito anos e vive nunha casa illada rodeada de bosques. Neste afastado recuncho, o neno creou o seu pequeno e segredo universo.

O MEU NENO INTERIOR

Título orixinal: Mon âme d'enfant
Nacionalidade: Francia
Ano: 2017
Dirección: Delphine Alexandre e Delphine Poudou
Guión: Delphine Alexandre e Delphine Poudou
Duración: 5:29

Guiada pola súa filla Léa, Catherine enrolase na aventura de atopar a nena que ten dentro. Leva escondida moito tempo, pero o filme demostra que nunca é tarde para atopala. Só hai que querer facelo e deixarse guiar polos sendeiros

RONJA

Nacionalidade: Dinamarca
Ano: 2017
Dirección: Sara Frost Rainer
Guión: Sara Frost Rainer
Produción: Sara Frost Rainer
Duración: 12:44

O filme narra o momento no que unha nena de 16 anos decátase de que xa non é unha nena e o proceso de aceptación e aprendizaxe que iso conleva.

EINSTEIN-ROSEN

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2016
Dirección: Olga Osorio
Guión: Olga Osorio
Produción: Olga Osorio e Juan Galiñanes García
Duración: 9:00

Verán do 82. Teo asegura que atopou un buraco de verme. O seu irmán Óscar non lle cre... Polo menos de momento

ESTRAÑO ÍMPAR

Título orixinal: Estranho ímpar
Nacionalidade: Brasil
Ano: 2015
Dirección: Beto Oliveira
Guión: Beto Oliveira
Produción: Frame7 Cinema
Duración: 15:00

A partires do poema homónimo do poeta brasileiro Carlos Drummond de Andrade, Beto Oliveira compón esta curtametraxe que afonda na definición da sexualidade dun neno de 8 anos presionado pola sociedade e rodeado de adultos que non están preparados para axudalo.

O PRINCIPIÑO

Título orixinal: Prinsesspojken
Nacionalidade:Suecia
Ano: 2016
Dirección: Sosi Chamoun
Guión: Sosi Chamoun
Produción: Sosi Chamoun
Duración: 8:34

Un irmán e unha irmá comparten un dormitorio onde a metade está decorada en azul e a outra en rosa. O irmán está moi entusiasmado coa roupa e os xoguetes da súa irmá, e un día recibe un paquete para que el tamén poida vestirse da maneira que el queira

El hombre de agua dulce

Título orixinal: Swimming in the desert
Nacionalidade: EEUU
Ano: 2017
Dirección: Alvaro Ron
Guión: Alvaro Ron e Rafael Alvarez
Produción: Rosana Tomas, Saray Deiseil, Sergio Agüero e Marc Côté
Duración: 15:00

O pobo de Agua Dulce, en pleno deserto da Alta California, está afectado por unha grave seca. Unha nena desafía ao seu avó, un malhumorado bombeiro xa xubilado, para levar a cabo un sentleiro plan que leve de volta a auga.

O conto de fadas no asfalto

Título orixinal: Сказка на асфальте
Nacionalidade: Rusia
Ano: 2017
Dirección: Eduard Zholnin
Guión: Eduard Zholnin
Produción: Natalya Vorotnikova, Sonya Lenchevskaya e Yana Burtman
Duración: 10:59

Un cálido día de primavera os nenos xogan no patio mentres Vania os observa dende a ventá. Vania está a prepararse para un exame de violín, baixo o estrito control da súa nai. O alboroto no patio seméllalle a Vania tan afastado coma a lúa, pero a música e a súa imaxinación permitiranlle xogar a el tamén.



Neno grande

Título orixinal: БОЛЬШОЙ
Nacionalidade: Rusia
Ano: 2014
Dirección: Yuri Solodov
Guión: Sara Frost Raine Yuri Solodov
Produción: Yuri Solodov
Duración: 15:54

Polo seu sexto aniversario un neno recibe unha misión dos seus pais que debe cumprir para recibir o seu regalo. Debe mostrar a súa madurez indo el só, por primeira vez, a mercar o pan. Para sortear as dificultades que atopará polo camiño contará coa axuda dunha cámara.

Lazos terreais

Título orixinal: Earthly Bonds
Nacionalidade: Irlanda
Ano: 2017
Dirección: Alan Dunne
Guión: Alan Dunne
Produción: Eamonn Tutty
Duración: 15:45

Trala morte da súa nai, unha imaxinativa nena de oito anos comeza a construír unha nave espacial dende a súa casa da árbore. Mentres tanto, o seu pai cae no alcolismo.

A xogar!

Título orixinal: Ayo main!
Nacionalidade: Indonesia
Ano: 2017
Dirección: Bambang "Ipoenk" K.M
Guión: Hananda Hutami Putri, Bambang "ipoenk" K.M
Produción: Yosi Arifianto
Duración: 23:53

Abi pasa o día absorto nos xogos da consola, prestando nula atención ao que acontece arredor del. Pouco a pouco, o mundo dos videoxogos vaise facendo real, ata que un día o malvado rei do xogo secuestra aos seus pais. Como aconteceu isto e como poderá axudalos Abi?

Ricos

Título orixinal: Rich
Nacionalidade: Holanda
Ano: 2015
Dirección: Camiel Schouwenaarder Kaaij
Guión: Nurgül Özkanli-Kasikci
Produción: Raymond van der Kaaij
Duración: 25:00

Vedat e Niel, mellores amigos, atopan 600 euros no chan. Rapidamente, diríxense á feira a festexalo, onde Vedat non para de gañar. Os rapaces maiores do barrio decátanse e tramarán un plan que porá a proba a amizade entre os dous nenos.

SOPA DE TARTARUGA
Título orixinal: Turtle Soup
Nacionalidade: Australia
Ano: 2015
Dirección: Nicholas Andrew Halls
Guión: Erin Foy
Produción: Nicholas Andrew Halls e Erin Foy
Duración: 6:06

Adelaide Bell, unha nena de 7 anos con pouca sorte, porá toda a súa enerxía en salvar a unha tartaruga do seu fatídico destino como sopa de tartaruga.

XMESS
Nacionalidade: República Checa
Ano: 2016
Dirección: Vojtěch Domlátil
Guión: Vojtěch Domlátil
Produción: Vojtěch Domlátil
Duración: 2:15

Toda a familia está preparada para celebrar o Nadal, pero hai algo que non vai ben...

* Recomendada para pais, nais e educadoras

Audiovisual e ensino: Colectivo recreo e Cinema en curso

Sábado 16 | 11.00h | Casa da cultura de Bertamiráns

Familias e educadores poden atopar nesta estación un punto de encontro para debater sobre o papel do medio audiovisual no ensino. Coñeceremos dous proxectos educativos que incorporan o audiovisual como ferramenta de expresión e coñecemento. Un deles de carácter público, Cinema en Curso, e outro deles privado, o representado polo Colectivo Recreo. Nesta sesión conducida polas responsables dos proxectos, Mónica García Iglesias e Marta Somoza Medina, poderemos ver algúns dos traballos realizados no marco destes proxectos como é o caso da curta realizada por alumnos do IES do Milladoiro titulada **De Milladoiro a Seidón** ou **Paisaxes Habitadas,** dirixida polo Colectivo Recreo.

Escolma de Cinema en curso

Domingo 17 | 12.00h | Casa da cultura do Milladoiro

Nesta sesión guiada pola responsables do proxecto Cinema en Curso en Galicia Mónica García Iglesias, poderemos ver algúns dos traballos realizados por alumnos de primaria e secundaria que participaron neste programa pedagóxico.

Deixando atrás - CEIP A Rúa (Cangas) - 2014-2015
Terra dos arxinas - CEIP de tenorio (Cotobade) - 2016-2017
Desde nuestros barrios - Colegio Montserrat - Orcasitas (Madrid) - 2014-2015

METAMORFOSES

+12

Chegamos á última parada da infancia: A puberdade. A puberdade é o momento da vida no que máis cambios experimentamos. É o momento no que conformamos a persoa na que nos imos converter. Metamorfoses aborda conflitos e problemas que xiran arredor da idade máis transcendental das nosas vidas. Está recomendada para maiores de 12 anos ou para adultos que queiran achegarse a conflitos que se rexistran cando se aproxima a adolescencia.

Tódolos filmes desta sección son candidatos ó Premio Buxainas que concederán as nosas "revisoras" ó mellor filme para público maior de 3 anos.

* Recomendada para pais, nais e educadoras

Bitchboy

Nacionalidade: Suecia
Ano: 2016
Dirección: Måns Berthas
Guión: Daniel Burman e Måns Berthas
Produción: Daniel Burman e Måns Berthas
Duración: 15:00

Lukas, un pequeno fan da música metaleira, visita ao seu avó recentemente falecido no hospital. A pesar da liñaxe, el non quere que o ancián sexa enterrado na tumba familiar. Os escuros segredos saen á luz, e cando chega a oportunidade, busca vinganza.

Antes do colapso

Título orixinal: Month before the fall
Nacionalidade: India
Ano: 2017
Dirección: Martin Xavier
Guión: Martin Xavier
Produción: Martin Xavier e Dhanya Balakrishnan
Duración: 25:00

A procura inocente de dous nenos que buscan entender que significa "desexo" nun momento (o último mes de 1999) no que había moito medo sobre un inminente colapso da sociedade co cambio de milenio. Esta película explora unha variedade de temas como a destrución ecolóxica, a inocencia, a fe e o sexo nunha linguaxe na que a realidade e a fantasía están perfectamente entrelazadas.

Antes de min

Título orixinal: L'homme de la maison
Nacionalidade: Canadá
Ano: 2016
Dirección: Karim Ayari
Guión: Karim Ayari
Produción: Karim Ayari e Jith Paul
Duración: 16:33

Unha película que explora a intolerancia social e o seu impacto nos nenos. Mathis, de oito anos, é fortemente influenciado pola interpretación da sociedade do seu pai despois de que a súa nai, recentemente divorciada, comezase unha relación cun veciño musulmán.

Menarca

Nacionalidade: Brasil
Ano: 2017
Dirección: Guilherme Candido e Asaph Luccas
Guión: Coletivo Gleba do Pêssego
Produción: Leonardo Domingos, Caroline Santos Souza e Ariana Lackshmi
Duración: 14:50

Tras sufrir acoso na rúa, a nai de Menarca prohíbelle saír da casa. Recluída alí dentro, a imaxinación é o límite.

El despertar de las hormigas

Nacionalidade: Costa Rica
Ano: 2016
Dirección: Antonella Sudasassi
Guión: Antonella Sudasassi
Produción: Amaya Izquierdo
Duración: 17:46

Durante unha viaxe familiar, Luciana experimenta sensacións que transformarán o seu mundo e espertarán a súa curiosidade, rabia, culpabilidade e fantasía.

A partida

Título orixinal: Nouveau Départ
Nacionalidade: Australia
Ano: 2017
Dirección: Léa Fabreguettes
Guión: Léa Fabreguettes
Produción: Léa Fabreguettes e Zoë Fox
Duración: 2:44

Curtametraxe creada como videoclip para o vídeo musical da artista soul-funk Zoë Fox.

GRANDES RELATOS

O tren de Cinema Crianza tamén ten unha estación para os grandes relatos. Historias cheas de aventuras e amizade que farán que a vida dos seus protagonistas nunca volva ser a mesma. Temos desde un grupo de nenos descubridores dun gran misterio a loitas épicas por unha caixa de terróns de azucre, pasando por relacións familiares complicadas que nos farán decatarnos do importante que é o amor dos nosos pais.

Temos grandes relatos para tódalas idades. Non esquezades ver a idade recomendada para esta parada.



A CASA DA LUZ

Venres 15 | 20.00h | Casa da cultura do milladoiro
Sábado 16 | 17.30h | Casa da cultura de Bertamiráns

+7

Nacionalidade: Galicia
Ano: 2008
Dirección: Carlos Amil
Guión: Carlos Amil e Xosé Xoán Cabanas Cao
Produción: Xosé Xoán Cabanas Cao
Duración: 90'

Alicia e os seus amigos e amigas gozan das vacacións xunto a Duarte, bohemio e pintor. O artista desaparece inexplicablemente e a panda de nenos sospeita de Pumariño, un pobre marxinado de Eiravella, o pobo onde viven. Mais saben tamén que Duarte se enfrontou ó ricachón do pobo, Don Alforxez, porque este quería derrubar a carballeira de Eiravella para facer unha urbanización. Daquela "...o de Duarte, terá sido un secuestro?".
Mirando por unha explicación, a panda segue a Pumariño ata unha misteriosa casa nas aforas da vila. Nunha das habitacións, o mudo de Pumariño sinálalles un cadro, unha pintura para lles indicar que Duarte está "alí". Alí? Nun cadro? Só teñen un xeito de comprobalo e é entrando no cadro como fai Pumariño e invocando o seu berro favorito: "Todosouninguén"
Ó outro lado do cadro a panda descubre que "...todo parece como en Eiravella, pero non é Eiravella...". As casas son moi diferentes, todo ten moi pouca cor, hai uns gardas cun uniforme negro moi negro que odian ós nenos, que perseguen á panda e tamén a Pumariño, queiman libros, non aturan a música e vixían a outros nenos que traballan ou estudan en escolas, que só andan á procura de ouro. E a vida, a vida toda, está condicionada polo xefe dos gardas, o omnipresente Señor da Torre que, como O Grande Irmán, todo o controla.

Dous mundos / Dwa Swiaty (VOSG)

Venres 15 | 21.45h | Casa da cultura do milladoiro
Sábado 16 | 21.00h | Casa da cultura de Bertamiráns

+9



Nacionalidade: Polonia
Ano: 2016
Dirección: Maciej Adamek
Guión: Maciej Adamek
Produción: Jacek Kucharski
Duración: 51'

Laura ten 12 años e os seus pais son xordos. O seu pai é cerralleiro nunha fábrica próxima e a súa nai ocúpase da casa. No pobo onde viven, as persoas xa se acostumaron a eles e aprenderon a comunicarse, mais cando teñen que mudarse a outro lugar Laura convértese na súa guía e titora.

A nena xoga o papel dos seus ouvidos e a súa boca, polo que pasan moito tempo xuntos e teñen un contacto moito mellor entre si que a maioría dos compañeiros de Laura cos seus pais. O feito de que teña esa responsabilidade dende pequena fai que a nena medre moito máis rápido así que xusto antes da puberdade sabe que é a idade adulta. Laura pensa seriamente no seu futuro pero tamén desfruta da vida despreocupada dos nenos. Mais, sobre todo, ela desenvolveu unha sensibilidade da que aprendemos moito neste filme, a sensibilidade que nace na interface entre dous mundos: o que coñecemos ben e o que coñecemos como xordo e que está marcado por unha sensación de falta que, no caso desta familia, está fermosamente superada grazas á solidariedade, á xenerosidade e ao apoio mutuo.

Al nivel de los ojos / Auf Augenhöhe (VOSE)

Venres 15 | 20.00h | Casa da cultura de Bertamiráns
Sábado 16 | 21.30h | Casa da cultura do milladoiro

+9

Nacionalidade: Alemaña
Ano: 2016
Dirección: Evi Goldbrunner e Joachim Dollhopf
Guión: Evi Goldbrunner, Joachim Dollhopf , Nicole Armbruster
Produción: Martin Richter, Christian Becker
Duración: 99'

Michael, un orfo de 11 anos, vive nun fogar infantil e ten que loitar todos os días para gañarse o respecto dos outros nenos. Un día, Michael descobre quen é o seu pai e escríbelle unha carta. Coñécense, pero o seu pai, Tom, non ten nada de ese home forte que Michael imaxinara que sería o seu pai, xa que Tom é un anano.

Para Tom a paternidade é un mundo novo, pero porá todo da súa parte para facelo o mellor posible e mesmo invita ao seu fillo a mudarse con el. Pola súa parte, Michael terá que loitar contra as burlas dos demais nenos así coma contra a súa propia vergoña e prexuízos. El sempre soñara con ter unha familia, pero os seus anhelos eran ben distintos da realidade.

SOLO ES EL PRINCIPIO / CE N'EST QU'UN DÉBUT (VOSE)

VENRES 15 | 21.30H | CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS
DOMINGO 17 | 19.15H | CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO

+9

* RECOMENDADA PARA PAIS, NAIS E EDUCADORAS

NACIONALIDADE: FRANCIA
ANO: 2010
DIRECCIÓN: PIERRE BAROUGIER, JEAN-PIERRE POZZI
GUIÓN: MACIEJ ADAMEK
PRODUCIÓN: FRÉDÉRIC ALBRECHT, ISABELLE GRIPON, JONATHAN MARTINOT, LAURENCE HIRIBARRONDO PALMER, CILVY AUPIN.
DURACIÓN: 98'

Unha película documental sobre clases de Filosofía para crianzas, captada con sensibilidade, na senda de *Ser e ter* de Nicolas Philibert, que promove a reflexión sobre a nosa capacidade ética, social e humana, e sobre a importancia dunha boa educación dende a infancia.

Os expresivos e vitais protagonistas chámanse Azouaou, Abderhamène, Louise, Shana, Kyria ou Yanis. Teñen entre 3 e 4 anos cando, xuntos, expoñen libremente, coas súas emocións e contradicións, as súas ideas sobre o amor, a liberdade, o liderado, a intelixencia, a morte...

Ao longo dun curso, sentados nun círculo arredor dunha candea prendida, con axuda da súa mestra Pascaline, aprenden a expresarse, a escoitarse mutuamente e a coñecerse mellor. Entre todos fan filosofía, reflexionan sobre temas importantes, a miúdo esquecidos na nosa sociedade. Non hai estudantes bos nin malos: o fundamental é pensar por si mesmos. Os nenos falan coas súas propias palabras, cheas de espontaneidade, humor, lóxica e poesía; cargadas en moitas ocasións dun incrible e envexable sentido tolerante e cívico. Eles son o noso futuro.

MINÚSCULOS: O VAL DAS FORMIGAS PERDIDAS

+3
SÁBADO 16 | 19.30H | CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS
DOMINGO 17 | 17.45H | CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO



NACIONALIDADE: FRANCIA
ANO: 2016
DIRECCIÓN: THOMAS SZABO Y HÉLÈNE GIRAUD
PRODUCIÓN: FUTURIKON FILMS
DURACIÓN: 88'

Nun pequeno e pacífico val, os restos dunha merenda abandonada desencadean unha guerra entre dúas tribos de formigas. Neste xogo está unha caixa de azucre. Unha nova e afouta xoaniña verase atrapada no medio da batalla. Farase amiga dunha das formigas negras, Mandíbula, y axudaralle a defender o formigueiro do asalto das terribles formigas guerreiras vermellas. Unha fantástica viaxe a ras de chan...

Minúsculos nace coma unha curtametraxe, posteriormente desenvolvida para cine e televisión. A serie de episodios curtos pronto se converteu na favorita de diferentes idades e culturas, chegando a emitirse en máis de 100 países, incluíndo España. Despois dun proceso creativo moi longo, Thomas Szabo e Hélène Giraud dirixen esta largametraxe, unha aventura épica chea de sorpresas e orixinais xiros de guión... Un pouco como O señor dos aneis pero no mundo dos bechiños!



Créditos

Director de programación:
Marcos Nine

Coordinación:
Cristina Fiaño

Textos:
Marcos Nine

Comunicación:
Paula Cermeño

Produción:
Xaime López

Deseño:
Clara Redondo e Cristina Fiaño

Condución das sesións:
Atenea Gharsía e Simón Pinhón

Tradución ao galego:
Ximena Losada e Begoña Combo

Técnica de proxeccións:
Froq eventos



Organiza:

Concello de AMES

Apoia:

Deputación DA CORUÑA

Promove:

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

Participan:

GOETHE INSTITUT

OQO filmes

Colaboran:

salgado

GADIS

centro dental macía

FEIRACO
Alimentando un Xeito de Ser